

# EXENCIÓN NO CANON DE AUGA E NO COEFICIENTE DE VERTEDEURA

A Lei 9/2010 de augas de Galicia estableceu unha exención no canon de auga e, no seu caso, no coeficiente de vertedura para as persoas que se atopen en **situación de exclusión social**. A tal efecto, os/as distintos/as beneficiarios/as desa exención deben presentar unha solicitude mediante o modelo establecido ao efecto.

## **Requisitos**

- 1) O enderezo para o cal se solicita a bonificación debe coincidir co enderezo en que está empadroada a unidade de convivencia.
- 2) O/A titular do contrato que figura na factura de auga debe coincidir con algún dos/as membros da unidade familiar.
- 3) Informe que teñen que emitir os servizos sociais do Concello.
- 4) Os ingresos totais da unidade de convivencia non deben superar o importe do indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM).
- 5) Polo menos unha das persoas da unidade de convivencia deberá estar en situación de exclusión social por estar nalgunha das situacións que se enumeran a continuación:
  - Persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia.
  - Persoas perceptoras de pensións non contributivas nas modalidades de invalidez ou xubilación.
  - Persoas que non estando en ningún dos dous supostos anteriores teñan unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos unido a unha situación de desemprego ou imposibilidade de desempeñar un traballo remunerado e que conten con outros factores, evidenciados a través da súa traxectoria persoal, que agraven a situación de exclusión social ou o risco de padecela recoñecidos na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

**Para máis información pode dirixirse a este departamento de Servizos Sociais do Concello ou chamando ós teléfono/s: (986) 34.33.68 ou (986) 34.90.03 ext.8**